

CONVERSANDO CON MALBARATE

("En *Inventarios* cóntanse fragmentos de vida que por forza pasan polas "historias" pero tamén pola "Historia" ¹).

O grupo de teatro de mulleres Malbarate nace a finais do ano 1986, por iniciativa de Rosa Álvarez, Mabel Ribera e Marisa Soto, sen ningún plantexamento feminista, guiadas pola necesidade de levaren a cabo un proxecto común e faceren elas tres un teatro independente, pará así non teren que quedar á espera da eterna chamada dun director que lles viñera ofrecer un papel protagonista ou un dos consabidos papeis secundarios que as mulleres veñen a cotío a representar. A primeiros do ano 87 estrean o seu primeiro espectáculo *Xogo de damas*, que comeza sendo dirixido pola actriz e directora Dorotea Bárcena, pero a un mes dos ensaios Dorotea é nomeada directora do Centro Dramático Galego, renunciando daquela á dirección da obra. Ó quedaren sen dirección elas acordan en chamar a Eduardo Alonso. Continúan os ensaios con dificultades por falta de infraestrutura: carecen dun lugar fixo para os ensaios, teñen problemas técnicos, de iluminación... Coa axuda doutros grupos, reticentes nun primeiro momento a que un grupo de mulleres foran quen de levaren adiante un proxecto serio de teatro, ó fin préstalle a súa axuda e en abril do ano 87 en Compostela estrean *Xogo de damas*, con moi

boa acollida polo público e sobre todo polo público feminino.

Rosa Álvarez, unha destas actrices, falando do mundo interno do teatro comenta: "Nun principio todo eran coidados e atencións por parte dos compoñentes dos diferentes grupos de teatro, así como entre actores e actrices, pero hoxe estase a dar un proceso de estraña competitividade entre os grupos de teatro de mulleres e os grupos de homes. O ideal sería que homes e mulleres, nun clima solidario, formasen grupos mixtos de teatro nos que as mulleres como outras membras máis puidesen levar adiante iniciativas creativas dentro do grupo pero o caso é que a realidade preséntanos a grupos de cinco homes e unha soa muller, ou catro homes e unha muller. Con todo, nós pretendemos ser unha compañía aberta pois non queremos limitarnos sempre ás mesmas membras por considerar que isto é empobrecedor; nós estamos abertas a diferentes actores e actrices e a ser dirixidas tamén por directores e directoras".

Pero o certo é que Malbarate, quizais nunha demanda á igualdade, ía se-lo primeiro grupo de mulleres na historia do teatro galego. Axiña xurdíran outros coma a compañía de Dorotea Bárcena, Medusa, que se estrea co espectáculo *Mullieribus* en outubro do ano 87, obra interpretada pola propia Dorotea xunto con Ánxela García Calvo. Séguelle o grupo Teatro da Salamántiga, que se estrea en setembro do 88 coa obra *Érase unha*

vez, interpretada por Elina Luaces, Luisa Merelas y Amalia Gómez. Despois o Teatro da Lúa, compañía tamén de Dorotea Bárcena que se estrea coa obra *Sigrid era só unha boneca rota* o 6 de setembro do ano 89, obra interpretada por Dorotea Bárcena, M^a. Xosé Bouzas e Carmen Castro. E por último a compañía de Margarita Fernández que se estrea coa obra *A comedia do miao* neste ano 90, interpretada por Margarita Fernández máis unha debutante actriz.

No teatro que todas estas mulleres poñen en escena falan as mulleres das súas relacións emotivas, das súas vivencias, dos seus problemas, dos seus amores e fracasos, das súas contradicións. Son esas mulleres que desaparecen no anonimato baixo os mobles e a cociña das súas casas. Falta quizais que este teatro adquira un carácter máis crítico do vivir social das mulleres porque as relacións de hoxe das mulleres son tamén intelectuais e políticas, xa que o teatro debería reflexar ese grao de relativa independencia que as mulleres van acadando á hora de estarmos no mundo.

As mulleres de Malbarate chegan ó teatro inducidas polas súas inquedanzas culturais. Rosa Álvarez comenta que os seus primeiros contactos co teatro foron a través da organización das Mostras de Teatro de Rivadavia. Con respecto á interpretación, lembra con especial tenrura as primeiras cincocentas pesetas que lle pagaron por facer de extra

Carmen Rábado

C R Í T I C A



Ansa Heary

Mabel Ribera

Marisa Soto

nunha película cuns zapatos do número 39, cando ela calza o 41 e lémbrese de Artello, onde tantas veces se lle plantexou a dúbida de se sería quen de facer teatro, e aínda hoxe, de cando en vez —confesa— lle pasa esta dúbida pola mente. Pero isto é algo que ela debe desbotar.

Mabel Ribera foi traballadora de Astano e á vez estudante de filoloxía inglesa na facultade de Santiago. Daquela participaba na sección cultural dos traballadores de Astano. Alí se formou o grupo de teatro de afeccionados Tagallo e estes foron os seus primeiros pasos no teatro. Lembra (desdramatizando o momento) o nerviosismo do seu primeiro papel que era unha voz en off por detrás das mamparas escenográficas e lembra tamén como despois de varias xiras lle deron unha substitución no mesmo espectáculo.

No ano 84 créase o Centro Dramático Galego, dirixido por Eduardo Alonso. Entre os proxectos que o C.D.G. leva a cabo está a obra *Agasallo de sombras* dirixida por Roberto Vidal. Este director chama a Mabel Ribera para representar un dos papeis desta obra. Neste intre plantéxaselle a dúbida de exercer como filóloga ou seguir no teatro como profesional. Ó fin decidiuse polo teatro.

Marisa Soto non puido asistir a esta conversa por ter que desprazarse a Madrid ó día seguinte da estrea da segunda obra de Malbarate *Inventarios*, a facer un

curso con Stranberg. Marisa, a eterna aprendiz, pero aprendiz con maiúsculas, a independente dentro do teatro independente, a máis íntegra dentro do teatro institucional, a máis antiga do teatro galego e ó mesmo tempo a máis actual; a actriz dos grandes papeis e de insignificantes papeis pero ó fin unha excelente actriz e unha grande namorada da súa profesión. Vaia para ela esta pequena e merecida homenaxe.

Preguntarlles a estas actrices cales foron para elas as obras máis significativas é para min unha pregunta obrigada porque parece que cada obra delas, a parte de significar un avance profesional, significa tamén unha evolución persoal.

Rosa Álvarez non descarta o máis mínimo papel da súa vida e agradece a subliña que eu nomee e recorde a aqueles directores que lle deron un papel, por moi pequeno que este fose, tanto cinematográfico coma teatral, pero non o vou facer, porque seguro que esqueceu mencionar a algún e ela sentiríao. Lembra con especial afecto os anos de Artello, a obra *Voyzeck*, espectáculo do Centro Dramático Galego e é a partir deste momento cando ela decide apostar polo teatro.

Para Mabel Ribera actuar en Tagallo era un xogo. Co paso do tempo este xogo vai converténdose en algo moito máis serio e decide pois entregarse e embarcarse, unha vez chegada ó Centro Dramático

CRÍTICA

Galego, nesta profesión do teatro. Mabel a Malbarate e ás súas obras si lles ten unha debilidade especial porque aquí tivo que dar e entregar moito máis de si mesma porque, ó fin, este é o proxecto sólido delas tres.

Estas mulleres non dan chegado a ver un plantexamento global do espectáculo coma para chegar a dirixilo. Quizais sexa que elas non son tan ousadas como algúns actores ou directores masculinos que, con menos experiencia, se lanzan ó proxecto de dirixir unha obra. A elas interésalles a dirección porque saben que para conseguir uns bos resultados na interpretación é preciso saber de dirección, de técnicas, de continuidade narrativa... para así poder ver desde fóra e logo aplicalo, dentro do escenario, ás súas personaxes, pero nunca por un afán organizativo. Rosa Álvarez comenta a este respecto: "O teatro non é diferente do resto da sociedade, e polo tanto ten os mesmos compoñentes, aínda hoxe a educación predispón ó home para organizar e mandar e á muller para obedecer".

A elección de personaxes femininas que falan desde o seu interior ó clara. Estas actrices din: "Preferimos un espectáculo de mulleres que falen desde si mesmas e non de mulleres abandonadas, porque estas últimas son unha minoría. Nós pertencemos a unha xeración onde a causa feminista foi moi forte e polo tanto temos máis en común coa xeración dos

setenta-oitenta que coas novas xeracións. A través do noso teatro nós queremos contar vidas de mulleres pero iso non significa estarmos en contra dos homes porque tamén a eles lles queremos contar estas vivencias e que eles se sintan implicados".

Recoñecen estas actrices a escasez de textos teatrais pensados para mulleres así como saben tamén que os poucos que hai están escritos por autores masculinos. Quizais saiban tamén —aínda que non o manifestaron— que moitos dos autores falsean, manipulan, ocultan ou negan en moitos casos á muller por iso faltan textos nos que as mulleres teñan independencia nas súas opinións, nas súas accións e na vida en xeral así coma mulleres que traspasen o seu mundo interior ou doméstico para incidir no mundo cultural e social. A visión que eles ofrecen das mulleres agacha, baixo uns falsos estereotipos, unha imaxe deformada da muller. Por iso a temática das súas obras se presenta baixo a dicotomía do ben e do mal: nai / prostituta, matrimonio / sexo, fidelidade / infidelidade, santa / vampiresa e de aí que sexa moi común tamén entre os autores de teatro xogar co corpo feminino, presentándoo como un obxecto. Eu case diría ó respecto que parece que a escasa e pobre imaxinación masculina non pode expresa-los seus impulsos artísticos se non é a base de utiliza-lo corpo das mulleres.

"No caso da última obra nosa —comentan— quizais os textos de *Inventarios* sexan máis fieis á cuestión feminina xa que esta partiu de entrevistas realizadas a mulleres nos anos 1940-45 e non dunha historia inventada".

Á pregunta de por que o texto de *Inventarios* —pregunta á que se fixo referencia durante toda a conversa— responden que foi unha proposta de Fernanda Lapa, directora do espectáculo. "Nós contactamos con esta directora para que nos dirixira. Fíxonos varias propostas e ó final decidímonos por este texto, quizais tamén por ser un traballo de interpretación e sobre todo por crer que interesaría ó público".

Eu dóulle-la noraboa a todas estas mulleres que deciden asociarse para faceren elas un teatro a todas luces con calidade. Gustaríame tamén que as súas visións sobre a muller non estivesen mediatizadas pola visión masculina; que fixesen un teatro que falase desde nós mesmas e desde a nosa propia perspectiva, que desen coa nosa propia linguaxe e que axudasen a buscar e a recupera-la nosa identidade e a construír e reface-la historia das mulleres.

¹ Nota collida do folleto de presentación da obra.